

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Lauro Olmo

CURSO: 2º Bacharelato

MATERIA: Historia

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA: Terceiro trimestre (Abril-Xuño de 2020)

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

O 2º de Bacharelato é un curso finalista, marcado polas probas ABAU, polo que non se fixo rectificación ningunha nin en contidos nin en estándares de aprendizaxe. Remataremos todos os contidos e abarcaremos todos os estándares de aprendizaxe.

Antes da suspensión das clases chegamos a traballar por completo ate a Guerra Civil Española. A Ditadura franquista e a España actual serán traballadas a través de medios dixitais.

Debido a que as explicacións fanse de maneira non presencial reforzamos algunhas competencias como:

- Competencia dixital, xa que hai un maior presenza das TICS, necesarias para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender, no canto de desenvolver a capacidade de iniciar aprendizaxe de temas nova, organizar tarefas e o tempo de estudo, de xeito individual
- Comunicación lingüística, desenvolvendo a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Competencias sociais e cívicas, propias da Xeografía e Historia.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, diagnóstica e formativa con carácter positivo

- **Procedementos de avaliación:** teremos en conta, mediante seguimento telemático todas as actividades que semanalmente se propoñen a través da plataforma on line. Tanto a súa entrega en prazo como a valoración da corrección, incluíndo tamén a actitude e interese pola materia.
- **Instrumentos de avaliación:** as actividades e propostas de traballo entregadas polo alumnado, vía telemática:
 - ✓ Exames on line que constan de 30 preguntas a contestar en hora e media.
 - ✓ Composicións de textos para a comprensión dos temas e que serven como práctica para probas de ABAU: 1ª) A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional. 2ª) A ditadura franquista: características e institucionalización. 3ª) A ditadura franquista: as formas de oposición ao réxime. 4ª) A ditadura franquista: Política económica. 5ª) A agonía do franquismo e os inicios da transicións. 6ª) As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1977. A crise da UCD e o golpe de estado, ate a chegada do PSOE ao poder.

2.2. Cualificación final

Consideramos, por acordo do departamento que o resultado final do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- A media das dúas primeiras avaliacións.
- Ao anterior resultado se lle poderá engadir **ata un punto** como máximo, pola entrega das actividades debidamente realizadas. No caso de non entregar as actividades non se terá en conta este feito para a cualificación final.
- Redondearase a nota cara a unidade máis próxima.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

- O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, os contidos mínimos esixibles, que neste curso 2019-2020, se estipularán só tendo como referencia o impartido durante a 1ª e 2ª avaliacións.
- A proba extraordinaria de setembro, seguirá o modelo do exame de ABAU, consistente en definicións (2 puntos); preguntas curtas (3 puntos) e composición de textos (5 puntos). En caso de ter que facelas on line, farase cun cuestionario de 30 preguntas como en maio. A cualificación final será a que saquen nese exame.
- No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Non é o caso xa que non hai ningunha persoa con esta materia pendente. De todos xeitos sempre rexen as normas que se establecen nos outros cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.1. Actividades.

As actividades serán de tres tipos: de recuperación, de reforzo e de traballo con temas novos, para rematar con actividades de consolidación da materia cara ás ABAU.

3.2. Metodoloxía

- **Actividades de reforzo e ampliación.** Explicación de cada uno dos bloques de preguntas de cada tema marcado polo grupo de traballo da CIUG:
 - 1) A profesora coloca na *aula virtual* do centro os apuntamentos realizados por ela do tema en cuestión, para que o alumnado acceda a eles.
 - 2) Envío da gravación da explicación ao alumnado a través de *correo electrónico*.
 - 3) Entrega de vídeos significativos do período para que de forma crítica podan coñecer as etapas e personaxes máis importantes do tema.
 - 4) Posteriormente o alumnado subliña, elabora resumos de cada parte que envía por *correo electrónico*.
 - 5) A profesora corrixe eses resumos.
 - 6) Repasarán o vocabulario relativo ao tema entregado a principio de curso.
 - 7) Lerán textos significativos, xornalísticos, históricos, estatísticos, gráficos ou imaxes dos que farán estudo crítico reflexionando sobre argumentos diferentes, comentario, interpretación de gráficos para afrontar mellor, posibles composicións de textos.
 - 8) Realizan unha composición segundo o modelo de ABAU, referidas a esa parte estudada, que enviarán por *google drive* ao correo da profesora. A profesora devolve as composicións ao alumnado polo mesmo medio, coas correccións pertinentes.
 - 9) As dúbidas resólvense por correo individualmente e tamén pola plataforma *webex* en vídeo conferencia.
 - 10) Mentres estean preparando os temas colocaremos textos significativos e composición de textos do SXIX e XX, cos que poden seguir practicando a técnica de composición de textos.
 - 11) Entrega de resúmenes dos temas do s. XIX e XX a través da aula virtual para o repaso para as recuperacións e as ABAU, elaborados pola profesora.

A valoración só terá efectos positivos, nunca negativos, na súa nota final (ver supra). Evidentemente no caso de non entregar nada, non se valorará nada.

- **Actividades de recuperación:**

Faremos dous exames de recuperación, na avaliación ordinaria durante o mes de maio, xa fixemos unha recuperación na 1ª Avaliación, pero darémoslle a posibilidade de volver a facela outra vez.

Os exames contarán de 30 preguntas a contestar en hora e media. A puntuación máxima será de 5 puntos e hai que ter un mínimo de 3,5 puntos para facer media.

Contidos da 1ª Avaliación: Crise da Restauración. Isabel II. O Sexenio Revolucionario. Definicións e bloques 1 e 2

Contidos da 2ª Avaliación: Economía e sociedade no s.XIX. Restauración. Crise da Restauración. Ditadura de Primo de Rivera. Definicións e bloques 3 e 4.

Para superar a materia, ademais de aprobar o exame teñen que presentar todas as actividades programadas para o terceiro trimestre.

3.3. Materiais e recursos.

- Materiais de elaboración propia.
- Recursos on line: vídeos, resumos, cuestionarios de repaso, xogos, blogs etc.
- Aplicacións: Abalar, webex, google drive, whatsapp, hangouts, meet
- Correos electrónicos
- Aula virtual do IES Lauro Olmo

4. Información ao alumnado e ás familias

Para informar ao alumnado usamos o correo electrónico, teléfono, whatsapp, a aula virtual do centro e as reunións virtuais a través de wbex.

Para informar ás familias a través de titorías, teléfono ou por ABALAR.

Hai que resaltar que a comunicación é fluída, tanto co alumnado como coas titorías para resolver posibles problemas.

Ademais esta adaptación da programación de HISTORIA DE 2º DE BACHARELATO publicarase na páxina web do IES Lauro Olmo (www.ieslauroolmo.gal)